A DIFUSIÓN DA LINGUA GALEGA NO MUNDO

Marisol López Martínez

Como sabemos, as linguas non se poden considerar meros sistemas de comunicación. As definicións asépticas, que pretenden deslindar a concreción da linguaxe humana das singularidades das persoas e dos colectivos, adoitan ocultar visións uniformizadoras dos pobos e das linguas.

En palabras de Ramón Piñeiro, un dos pensadores galegos máis influentes do século pasado:

> A lingua é o vehículo de realización da personalidade colectiva como tal. Cada pobo, antes de poder realizar o seu destino no tempo, na historia, necesita realizar a súa personalidade colectiva. A forma interna e viva desa personalidade é a lingua, porque é a que lle dá unidade espiritual creadora. [...] Cada unha das linguas realiza na comunidade social dos seus falantes as funcións que lle atribuímos á linguaxe, á palabra. Cada lingua dálle personalidade cultural a un pobo e transmítella a cada un dos seus membros. A importancia antropolóxica da linguaxe, da palabra, recíbea cada un a través da súa lingua. A palabra é indispensable para que o home poida realizar o seu ser. Pero a palabra actúa en forma de lingua concreta. Cada pobo ten a súa. Cada home ten a do seu pobo.

A lingua, polo tanto, é un dos sinais de identidade e cultura fundamentais de calquera pobo.

No noso país, a constitución e a aprobación dos estatutos de autonomía déronlle amparo legal, a través da fórmula da cooficialidade, á realidade plurilingüe de España. Supuxeron o punto de partida para a revitalización dun ben cultural que lles pertence a todos os españois: as súas linguas.

É importante que tomemos conciencia do tesouro cultural que supón o plurilingüismo como elemento que nos une. O ensino das linguas é o vehículo ideal para sustentar esa riqueza e para compartila cos demais.

É desexo común dos pobos con lingua propia non só preservar o ben cultural ao que nos referimos, senón tamén difundirlo, igual que un desexa compartir os momentos de gozo que produce a contemplación e a comprensión de calquera manifestación cultural ou artística. Hoxe en día, nun espazo onde a diversidade e o coñecemento son sempre valores positivos, a difusión das linguas, especialmente as de comunidades lingüísticas relativamente pequenas, como a galega, resulta unha encomenda loable.



Vista da zona monumental de Santiago. © Turgalicia.



Castelo de San Felipe na entrada da ría de Ferrol. © Turgalicia.

Neste sentido, o compromiso do Instituto Cervantes, nunha etapa en que se puxo de manifesto unha atención evidente á realidade plurilingüe de España, debe ser gabado especialmente. O Cervantes ten a oportunidade de axudar a crear unha cultura integradora que favoreza e difunda os valores positivos do plurilingüismo.

A presenza das linguas minoritarias no contexto mundial constitúe un pequeno paradoxo. Conviven a ameaza dun proceso de retroceso do uso das linguas coas oportunidades que brindan os novos métodos de aprendizaxe, as tecnoloxías e o interese que suscita a diversidade cultural. O ensino do galego no mundo supón non só abundar na riqueza á cal aludiamos, senón tamén crear a oportunidade de expandir a nosa cultura. Ademais, e dada a condición de país tradicionalmente emigrante de Galicia, o ensino da nosa lingua supón un vínculo de unión elemental dos galegos na diáspora co seu pobo e coa súa cultura.

Dende Galicia e, particularmente, dende o Goberno galego e dende as súas institucións, todas as accións orientadas a acadar estes obxectivos serán aplaudidas e gabadas. De feito, o ensino da lingua galega xa se vén desenvolvendo dende o programa de cátedras e lectorados de galego que a Secretaría Xeral de Política Lingüística impulsa dende hai anos, con presenza en máis de 40 universidades de todo o mundo. A oferta crecente de ensino do galego por parte do Cervantes complementa e reforza este traballo. A Xunta de Galicia colaborará naquilo que se lle requira, coa sinceridade e a disposición que resultan dunha coincidencia de obxectivos. Desexamos que o esforzo do Instituto Cervantes sexa proveitoso e agradecemos profundamente que faga súa a responsabilidade que sentimos os galegos de cultivar o campo da nosa cultura e, xa que logo, da nosa lingua, e mais de ofrecerlle os seus froitos orixinais ao patrimonio cultural humano. ■

Marisol López Martínez é secretaria xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

LA DIFUSIÓN DE LA LENGUA GALLEGA EN EL MUNDO

Como sabemos, las lenguas no pueden considerarse meros sistemas de comunicación. Las definiciones asépticas, que pretenden deslindar la concreción del lenguaje humano de las singularidades de las personas y de los colectivos, a menudo ocultan visiones uniformizadoras de los pueblos y las lenguas.

En palabras de Ramón Piñeiro, uno de los pensadores gallegos más influyentes del siglo pasado:

> La lengua es el vehículo de realización de la personalidad colectiva como tal. Cada pueblo, antes de poder realizar su destino en el tiempo, en la historia, necesita realizar su personalidad colectiva. La forma interna y viva de esa personalidad es la lengua, porque es la que le da unidad espiritual creadora. [...] Cada una de las lenguas realiza en la comunidad social de sus hablantes las funciones que le atribuimos al lenguaje, a la palabra. Cada lengua le da personalidad cultural a un pueblo y se la transmite a cada uno de sus miembros. La importancia antropológica del lenguaje, de la palabra, la recibe cada uno a través de su lengua. La palabra es indispensable para que el hombre pueda realizar su ser. Pero la palabra actúa en forma de lengua concreta. Cada pueblo tiene la suya. Cada hombre tiene la de su pueblo.

La lengua, por tanto, es una de las señas de identidad y cultura fundamentales de cualquier pueblo.

En nuestro país, la Constitución y la aprobación de los estatutos de autonomía dieron amparo legal, a través de la fórmula de la cooficialidad, a la realidad plurilingüe de España. Supusieron el punto de partida para la revitalización de un bien cultural que pertenece a todos los españoles: sus lenguas. Es importante que tomemos conciencia del tesoro cultural que supone el plurilingüismo como elemento que nos une. La enseñanza de las lenguas es el vehículo ideal para sustentar esa riqueza y para compartirla con los demás.

Es deseo común de los pueblos con lengua propia no solo preservar el bien cultural al que nos referimos sino también difundirlo, igual que uno desea compartir los momentos de gozo que produce la contemplación y comprensión de cualquier manifestación cultural o artística. Hoy en día, en un espacio donde la diversidad y el conocimiento son siempre valores positivos, la difusión de las lenguas, especialmente las de comunidades lingüísticas relativamente pequeñas, como la gallega, resulta una encomienda loable. En este sentido, el compromiso del Instituto Cervantes, en una etapa en la que se ha puesto de manifiesto una atención evidente a la realidad plurilingüe de España, debe ser alabado especialmente. El Cervantes tiene la oportunidad de ayudar a crear una cultura integradora que favorezca y difunda los valores positivos del plurilingüismo.

La presencia de las lenguas minoritarias en el contexto mundial constituye una pequeña paradoja. Conviven la amenaza de un proceso de retroceso del uso de las lenguas con las oportunidades que brindan los nuevos métodos de aprendizaje, las tecnologías y el interés que la diversidad cultural suscita. La enseñanza del gallego en el mundo supone no solo abundar en la riqueza a la que aludíamos, sino también crear la oportunidad de expandir nuestra cultura. Además, y dada la condición de país tradicionalmente emigrante de Galicia, la enseñanza de nuestra lengua supone un vínculo de unión elemental de los gallegos en la diáspora con su pueblo y su cultura.

Desde Galicia, y particularmente desde el Gobierno gallego y sus instituciones, todas las acciones orientadas a conseguir estos objetivos serán aplaudidas y alabadas. De hecho, la enseñanza de la lengua gallega ya se viene desarrollando desde el programa de cátedras y lectorados de gallego que la Secretaría Xeral de Política Lingüística impulsa desde hace años, con presencia en más de 40 universidades de todo el mundo. La oferta creciente de enseñanza del gallego por parte del Instituto Cervantes complementa y refuerza este trabajo. La Xunta colaborará en aquello que le sea requerido con la sinceridad y la disposición que resultan de una coincidencia de objetivos. Deseamos que el esfuerzo del Instituto Cervantes sea provechoso y agradecemos profundamente que haga suya la responsabilidad que sentimos los gallegos de cultivar el campo de nuestra cultura y, por ello, de nuestra lengua, y ofrecer sus frutos originales al patrimonio cultural humano. ■

Marisol López Martínez es secretaria general de Política Lingüística de la Xunta de Galicia.